

AO DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSO HUMANOS DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN

A CIG-ENSINO DEMANDA A CONVOCATORIA DOS CONCURSOS ESPECÍFICOS DE ORIENTACIÓN DE PRIMARIA E DE EPAPU.

Como vostede sabe, a CIG-Ensino demandou na Mesa Sectorial do pasado 4 de setembro a convocatoria dos concursos específicos de Orientación do corpo de mestres así como o de EPAPU.

Un mes despois da citada Mesa non obtivemos resposta ao noso requirimento e tan só sabemos que a día de hoxe se estaría á espera de coñecer as vacantes de Orientación para decidir se se convoca ou non este concurso, mestres que parece que descartan a convocatoria do específico para EPAPU.

No caso de Orientación do corpo de mestres ofertáronse con destino provisional 116 prazas para xefaturas deste departamento para o presente curso escolar: 38 na provincia da Coruña, 11 na de Lugo, 5 en Ourense e 62 en Pontevedra. Descartando algunhas destas prazas que poidan estar ocupadas por profesorado con destino definitivo con reserva da súa praza, a CIG-Ensino entende que unha parte importante delas debería ser ofertada xa neste curso.

Ao respecto dos centros para persoas adultas solicitamos que igualmente, por moi reducido que poida ser o número de vacantes que exista, se convoque o concurso. Nos destinos provisionais adxudicáronse 65 praza no total dos EPAPU.

Na CIG-Ensino consideramos que a Consellaría debe asumir que estas convocatorias sexan anuais, como o concurso xeral de traslados, sobre todo tendo en conta que existe demanda entre o profesorado en expectativa de destino e con destino definitivo e non ten sentido non ofertar todas as prazas con horario suficiente no caso das EPAPU e que sexan vacantes no caso de Orientación nos centros de infantil e primaria.

A CIG-Ensino demanda que a convocatoria da Mesa Sectorial para negociar estas convocatorias se faga á maior brevidade para que poidan coincidir os prazos de presentación de instancias co prazo do concurso xeral de traslados, previsto entre o 6 e o 27 de novembro.

Un saúdo,

Compostela, 8 de outubro de 2018



Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 09/10/2018 09:54:31

ENTRADA 144929 / RX 2525880

